

XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE ESTUDIOS  
HISTÓRICOS DE GALICIA

REUNIÓN DO 29 DE ABRIL DE 2010

Na cidade da Coruña e sé da *Biblioteca Municipal de Estudios Locais*, previa convocatoria circulada hai días, reuniuse a Xunta Directiva da *Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia* coa presidencia de José Luís López Sangil e a asistencia dos vocais e socios: Demetrio Díaz Sánchez, Luis Gorrochategui Santos, Amparo Hernández Segura, José Luis Pardo Caeiro, Jesús Ángel Sánchez García, Manuel Vidán Torreira, Benito Figueroa Aldariz, tesoureiro, e eu mesmo Javier López Vallo, secretario.

Non asistiron o vocal de conferencias José Alfeirán Rodríguez, xunto cos vocais sen asignación de funcións Rafael Tobío Cendón, Alfredo Erias Martínez e Carlos de Castro Álvarez.

Sendo as vinte horas trinta e cinco minutos, o presidente deu por aberta a sesión e comezáronse a tratar os puntos da orde do día.

**1.- Informe do presidente.**

Deu conta da correspondencia recibida e contestada e dos envíos de publicacións; do mesmo xeito comentou a visita realizada ao Pórtico da Gloria.

Comentou que aínda non temos artigos dabondo para a publicación do número 6 de *Nalgures*. Neste senso aludiu ao problema que xurde co artigo dos socios Carlos Pereira Martínez e Ana Romero Masiá, debido a que a súa extensión obrigaríanos a adicar un número case que monográfico. Posto en contacto cos autores decidiron dividir o artigo orixinal en dous, facendo as adaptacións oportunas para que se poidan ler de xeito independente.

**2.- Estado de contas. Cotas pendentes.**

Presentou o tesoureiro, Benito Figueroa, varias contas por gastos de correos e outros de escasa entidade que foron asinadas polo presidente.

**3.- Artigos para a edición de *Nalgures* nº 6.**

Tras o dito no informe do presidente, a Xunta Directiva acordou invitar aos socios a que envíen os seus traballos para a seu exame e publicación na nosa revista.

**4.- Situación das subvencións para o ano 2010.**

Interveu o socio, administrador da Asociación, José Luis Pardo Caeiro, e sinalou que temos pendentes de cobro a última subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña.

Tamén indicou que tivemos dificultades para cobrar subvencións solicitadas á Xunta de Galicia xa que aparecendo inscritos no rexistro de asociacións, non estabamos dados de alta no *Rexistro de Asociacións Culturais*. Practicadas as xestións oportunas por José Luis Pardo, quedou feita a inscrición.

Percibiuse por parte da Xunta de Galicia unha subvención. A concedida era aproximadamente o dobre da cantidade, que quedou minorada ao presentar unha factura cun gasto efectivo na empresa Lugami, inferior ao presuposto enviado.

#### **5.- Altas e baixas.**

Viuse e aceptouse a solicitude de alta feita por José María Manuel García-Osuna Rodríguez, José Martinho Montero Santalha, Javier Padín Martínez e a de Jesús Andrés López Calvo, aos que se lles da a benvida á Asociación.

Deu conta tamén José Luis Pardo que oito socios presentan débedas coa Asociación, ben porque non abonan os recibos de algún ou varios anos, ben porque ingresaron cantidades correspondentes á cota antiga, ben porque non teñen domiciliado o pago. A Xunta Directiva autorizou ao administrador José Luis Pardo Caeiro para que no seu nome se dirixa a eles a fin de que regularicen a situación. No caso de tres dos socios que non abonan as cotas desde 2007 ou 2008 enviaráselles unha proposta de baixa, que será efectiva en caso de non facer fronte aos pagos.

#### **6.- Proposta de modificación da páxina web.**

Deu conta o presidente do presuposto que presenta o webmaster para actualizar e modificar a nosa páxina web para facela dinámica, ampliar a súa capacidade e poder introducir mais contidos.

Sendo prioritario na Asociación a edición da nosa revista, acordouse suspender polo de agora esta iniciativa até que se atope unha subvención que cubra de xeito, cando menos parcial, o gasto previsto.

#### **7.- Programación de vindeiras excursións.**

Propuxéronse excursións á zona de Moeche, Narahío; outra a Ourense, en concreto Montederramo, Maceda e Xunqueira de Espadañedo, recomendando o uso do autobús. Tamén se propuxo a visita ao castelo de Altamira e restos do da Rocha; visita aos pazos de Oca e Rivadulla, coa posibilidade de ver o interior dos mesmos.

Non se adoptou ningún acordo e en función das xestións que se fagan, anunciarase por correo electrónico e na páxina web a celebración da vindeira excursión que será en dúas ou tres semanas.

#### **8.- Programación de conferencias e outros actos.**

Non hai previstas conferencias dos socios organizadas pola Asociación.

#### **9.- Elaboración dun tríptico.**

O socio Juan Burgoa propuxo a confección dun tríptico para distribuír nos actos da Asociación. A proposta foi estimada acordando que este secretario se coordine con Juan Burgoa para levar adiante o proxecto.

#### **10.- Novo boletín de inscrición.**

O presidente presentou o novo modelo de boletín de inscrición, que someteu a exame da Xunta Directiva e quedou aprobado.

#### **11.- Rogos e preguntas.**

Propuxo o presidente facer xestións para incluír a nosa revista en determinados índices de impacto. A Xunta Directiva acordou facer as xestións oportunas.

E sendo as vintedúas horas tinta minutos, despois de ser lida esta acta e aprobada, o presidente levantou a sesión de todo o cal eu, secretario, certifico.

José Luis López Sangil, presidente

Javier López Vallo, secretario